

ASUNTO: Instrucións sobre a liquidación de desprazamentos intercampus

En substitución de convocatorias previas de axudas de custo intercampus, co fin de optimizar o trámite dos pagamentos polos desprazamentos correspondente ao curso académico actual motivados polo profesorado que, coa autorización da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, imparte docencia nun campus distinto daquel no que está asignado/a, esta Vicerreitoría establece o procedemento que permite cobros parciais por cuadrimestres, segundo se describe a continuación:

- Ao final de cada cuadrimestre e nos prazos establecidos abaixo, a Dirección do Departamento ou a Coordinación do máster (cando proceda), solicitará a liquidación dos desprazamentos correspondentes mediante o documento "Liquidación de desprazamentos intercampus. Orde de servizo", dispoñible na web desta Vicerreitoría no apartado impresos (<http://profesorado.uvigo.es>).

- O Departamento ou a Coordinación do máster enviará esta solicitude cuberta á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, asinada polo/a profesor/a desprazado/a, o/a Secretario/a do Centro e máis o/a Director/a do Departamento ou Coordinador/a do máster, xunto coa seguinte documentación:

- certificado detallado de horarios, titorías e outras actividades (exames, etc.), asinado polo Secretario/a do Centro
- recibos de peaxes (se os houbera)

- Os prazos para o envío da solicitude e máis a documentación adicional son:

- para a liquidación dos desprazamentos do 1º cuadrimestre: 28 de febreiro
- para a liquidación dos desprazamentos do 2º cuadrimestre: 30 de setembro

Este pagamento rexeráse polas seguintes disposicións:

- O pagamento dos desprazamentos intercampus relativos a Departamentos só estará xustificado se a capacidade docente dun Departamento/Área nun campus é inferior ao encargo desde Departamento/Área nese campus. Xa que logo, se o profesorado asignado a un campus determinado pode asumir a totalidade da docencia dese campus, o Departamento non poderá solicitar desprazamentos intercampus para financiar movementos voluntarios do profesorado a outros campus.


- No caso de desprazamentos de Departamentos, o número de horas de titorías será proporcional á docencia impartida no Centro. Durante os períodos lectivos con actividade docente, só se procederá á liquidación daquelas titorías que coincidan con días nos que o/a profesor/a imparta docencia. Durante os períodos lectivos sen actividade docente, liquidaranse só titorías nun único día da semana.

- Non se poderá liquidar manutención nestes desprazamentos.

Vigo, 7 de xaneiro de 2013

A Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións

Margarita Estévez Toranzo



A todos/as directores/as de Departamento da Universidade de Vigo